

A CIG e as patronais AEDIGAL e INRED acadan o compromiso de constituír a mesa de negociación para un convenio galego

Os tres axentes, maioritarios no sector en Galiza, acudirán ao CGRL (Consello Galego de Relacións Laborais) para que abra o marco galego de negociacións, convocando ás partes social e patronal, e dirixa e colabore no proceso.



A CIG-Ensino vén reivindicando historicamente un Marco Galego de Relacións Laborais no sector da atención á discapacidade, máis cando rematan as negociacións do convenio estatal (neste caso xa o XVI) que, de forma sistemática, non dan resposta ás reivindicacións e necesidades dos distintos centros de traballo (asistenciais, de emprego e educativos) e de todo o seu persoal traballador (condicións laborais, sociais e salariais dignas).

Con este fin, ao longo do mes de abril responsables do sindicato e unha “comisión negociadora” de 4 delegados/as electos/as na asemblea de delegados/as dun total de 71, que fan da CIG o maioritario no sector, mantiveron reunións coas patronais AEDIGAL (Asociación Empresarial para a Discapacidade Intelectual e do Desenvolvemento de Galicia) e

INRED (Asociación Empresarial Galega de Entidades da Discapacidade Intelectual e Afíns), tamén maioritarias. Froito desas xuntanzas acadouse o compromiso de constituír a futura mesa de negociación na Galiza “por un convenio galego”, como garante da mellora da calidade do servizo e dunhas condicións dignas laborais e salariais para todo o persoal traballador .

A CIG fará os trámites para que o Consello Galego de Relacións Laborais, en representación da administración que ten as competencias, abra o marco galego de negociacións convocando en función da súa representatividade ás partes patronal e social para poder acadarmos o “I convenio galego de atención á discapacidade”.



- Mellorar as condicións salariais de forma inmediata cun Complemento Salarial Galego e camiñar cara un I Convenio Galego do sector no que se involucre a administración galega e que dea resposta ás necesidades e características dos centros e do persoal traballador galego, ás que non dá o XVI convenio estatal de atención á discapacidade.

IMAXE DE ARQUIVO DUNHA REUNIÓN CON AEDIGAL

Nos encontros analizáronse coincidencias e puntos en común nos que confluír de cara a facer fronte á Xunta, que ten plenas competencias neste ámbito, para que poña os cuidados das persoas na prioridade das súas políticas públicas e sociais.

En primeiro lugar o máis urxente é incrementar o investimento nestes centros sen ánimo de lucro[nbsp]co obxectivo de crear unha única rede pública e un convenio galego digno para o sector da discapacidade, como garante dun mellor servizo de calidade e unhas condicións laborais e salariais dignas para o seu persoal, no que se desterre a privatización mercantilista deste servizo social, público e esencial. A modo de resumo os temas expostos por AEDIGAL e INRED, coincidentes coa CIG, foron:

- Unha maior calidade na atención a usuarios/as: menos ratios, mellores condicións laborais e salariais para o persoal traballador, máis persoal na atención directa...

- Mellorar as condicións salariais de forma inmediata cun Complemento Salarial Galego e camiñar cara un I Convenio Galego do sector no que se involucre a administración galega e que dea resposta ás necesidades e características dos centros e do persoal traballador galego, ás que non dá o XVI convenio estatal de atención á discapacidade.
- Mellorar o Concerto Social para que atenda, cubra e protexa a todas estas entidades asociativas que xestionan estes servizos esenciais, que é responsabilidade da administración, sen ningún ánimo de lucro, e non permitir a mercantilización destes servizos de cuidados coa entrada interesada da empresa privada (exemplos como DomusVI, Clece...). Unificar e dignificar os prezos módulo-praza segundo o tipo de servizo dado polo centro e que sexan revisables anualmente.
- Crear unha Mesa Tripartita do sector da discapacidade na que as tres partes: social, patronal e administración formen parte e negocien as decisións máis acaídas para que Galiza sexa un referente na atención ás persoas con diversidade funcional.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal